

BANDO DO ALCALDE

Por un novo horizonte litoral


Prezadas veciñas, prezados veciños:

Son moitos os retos que na Coruña temos por diante nos próximos anos. Cuestións como o cambio do modelo de mobilidade, o impulso dunha economía sostible, innovadora e capaz de xerar emprego, o combate contra o andazo da desigualdade ou a constitución da nosa Área Metropolitana, entre moitas outras, resultan centrais para o futuro da cidade que soñamos e merecemos, unha cidade próxima e á altura das máis avanzadas da Europa do século XXI. Entre eses desafíos ocupa un lugar destacado a construción, sumando esforzos e vontades contra o apetito especulativo duns poucos, dun novo horizonte litoral. A transformación da nosa beira atlántica, da Solana a San Diego, pode ser unha hipoteca ou unha oportunidade. Depende de nós. Da nosa forza. Temos o deber cívico de defender o que é de todos e de todas nós. E temos tamén o dereito a decidir que queremos ser e como desexamos vivir.

As mocións aprobadas pola Corporación nas sesións plenarias do 9 de xaneiro e o 6 de marzo deste ano chaman á defensa da titularidade pública dos nosos terreos portuarios, esixíndolle ao Goberno do Estado a súa devolución gratuíta e poñendo de manifesto a necesidade dun novo proxecto que supere os convenios urbanísticos de 2004, hoxe fóra de tempo e de escala. No canto de miles de vivendas, edificios de nove e dez alturas a carón do mar e toneladas de cemento abocadas a alimentar a burbulla comercial e hoteleira, merecemos gañar espazo para as persoas, incrementar as nosas zonas verdes, levantar equipamentos públicos de referencia e impulsar en San Diego un ambicioso Distrito do Mar para que o porto siga a ser, no futuro como na nosa historia, un pulmón de riqueza, coñecemento e emprego. E todo isto, ademais, contando con todas as mans, despois dun foro de debate e unha consulta popular.

A Coruña na que vivimos, nacida ao pé dun faro, foi porto antes de converterse nunha cidade orgullosa e libre. O mar é o noso maior patrimonio, e ninguén nos pode obrigar a escoller entre unha infraestrutura chamada a cumprir un papel esencial na estratexia marítima europea, como é o porto exterior de Punta Langosteira, e os nosos peiraos interiores. Nunca máis. É por iso que vos convido, veciños e veciñas, a participar este domingo 7 de maio, a partir das 12 horas e dende a Praza da Palloza, na manifestación convocada pola Comisión Aberta en Defensa do Común baixo o lema "Devolución gratuíta da Solana e Hotel Finisterre, todos os peiraos, cárcere e terreos do Campo da Estrada. Non á venda e privatización da fachada marítima. Basta xa de especulación."

Unha forte aperta,



Xulio Ferreiro Baamonde
Alcalde da Coruña

